

IV Premio de Igualdade Ernestina Otero Sestelo

Consello Municipal da Muller – Concello de Vigo

Palabras de agradecemento

Coral del Río Otero

AGRADECIMIENTO

Para min é unha ledicia e unha satisfacción recibir este premio, polo que quero empezar mostrando o meu agradecemento. En primeiro lugar, porque se trata dun recoñecemento dende o eido do feminismo; dende ese espazo conceptual e vital que as mulleres creamos para construír unha sociedade máis xusta. E en segundo lugar, porque se produce na miña cidade, o que o fai especialmente entrañábel. Son viguesa, síntome viguesa, e presumo de formar parte desta fermosa cidade de acollida. A este sentimento de orgullo únese a responsabilidade que supón que o Consello Municipal dá Muller e o Concello de Vigo valoren a miña traxectoria, o que constitúe un incentivo para continuar o meu traballo en temas de igualdade e, especialmente, de igualdade entre mulleres e homes. Agradezo, pois, ao Concello de Vigo e ao Consello Municipal dá Muller este premio. Especialmente ás mulleres que, dende un primeiro momento, propuxeron e avalaron a miña candidatura: grazas por acordarvos de min. E tamén a todas as que finalmente acordaron a concesión do mesmo: grazas pola vosa xenerosidade ao facelo.

DEDICATORIA

Permitídemme que estas primeiras palabras dedíquellas aos meus pais. Á miña nai (María Nieves Otero Mendoza) que agora estará na casa, feliz, pendente deste acto; e ao meu pai (Alejandro del Río Lago) que tamén teríase sentido moi orgulloso. De ambos aprendín o valor dos logros colectivos; a importancia de que as melloras sexan verdadeiramente sociais fronte aos intereses puramente individuais; a defensa dunha Sanidade e unha Educación pública, universal, gratuíta e de calidade; aprendín que de nada vale gozar de liberdade, seguridade e medios materiais se estes non poden ser gozados polo conxunto da sociedade. Aprendín que cando unha persoa dorme na rúa, todos durmimos na rúa; que cando os gobernos pisan ás persoas refuxiadas pisan a toda a

ciudadanía; que cando unha muller é maltratada todas somos maltratadas. Deles aprendín os verdadeiros valores da esquerda.

ORIXES

En 1976 eu tiña 10 anos. Empezaba a asomar a cabeza ao mundo cando iniciabamos a Transición. Esa Transición política que tantos avances supuxo para o país, en xeral, e para as mulleres, en particular, grazas á súa loita nas rúas, nos partidos, nos sindicatos, no mundo do traballo, na militancia feminista, nos fogares... Esa Transición que, con todo, tamén trouxo tanta desmemoria, e que tantas esquecidas e esquecidos deixou nas cunetas. Nunca lles agradeceremos o bastante ás mulleres e aos homes que, a principios do século XX e, especialmente, durante a II República, tomaron con valentía as rendas das súas vidas e botáronse o país ás súas costas.

Ernestina Otero Sestelo foi unha desas grandes mulleres ás que hoxe lembramos. Aínda temos unha débeda pendente con todas e con todos eles. Queda moito por facer para que o seu legado sexa recoñecido e transmitido; para que as xeracións novas e futuras poidan valorar a súa importancia. Aínda queda moito por facer para que non teñamos que oír, como inxustamente repítese, que a democracia chegou por primeira vez a España coa Constitución do 78. Non, a democracia chegou cando se conseguiu o voto feminino, exercido nas eleccións de 1933 e 1936, cando mulleres e homes puideron, por primeira vez neste país, decidir sobre o seu futuro en igualdade. Despois impuxéronnos a sangue e lume esa “longa noite de pedra”, cuxas consecuencias aínda hoxe padecemos.

Pero volvamos á Transición. Estabamos con esa nena que crecía entre manifestacións, debates políticos, pegado de sobres electorais, reunións en “o partido”, ... e tamén conversacións entre mulleres. Mulleres como a miña nai e as súas amigas (Margot, Chita, ...) que os domingos, despois de cociñar as tortillas e os filetes “empanados” que nos comeríamos no monte, xa pola tardiña, cando todo estaba máis tranquilo, charlaban sobre o dereito ao divorcio e ao aborto, sobre sexualidade, sobre preservativos, sobre óvulos e espermatozoides, sobre a falla de independencia das mulleres,

Non é estraño, pois, que cando alguén me preguntaba:

Coral, e ti?, ti de maior que queres ser?

Eu pensase: “Eu? Eu de maior quero ser feminista”.

Nunca o verbalizaba así, claro. Xa era o suficientemente maior para dar-me conta de que non era acerca das miñas ideas políticas sobre o que me estaban a preguntar. Pero eu non sabía se quería ser Economista, Xornalista ou Historiadora. O que eu tiña verdadeiramente claro é que quería ser como esas mulleres soñaban: quería ter independencia económica, quería poder decidir sobre a miña vida, sobre o meu corpo e a miña sexualidade; non quería vivir con violencia; quería relacionarme en igualdade cos meus iguais, E, ademais, quería que todo isto puidéseno gozar todas as mulleres. Si, eu de maior quería ser feminista.

PROFESIÓN

Despois fíxenme Economista e preocupeime por saber que era iso da Economía Feminista (que non vira en ningún libro de texto, nin ningún profesor explicárame, pero do que me falaba con insistencia María Jesús Facal Rodríguez, compañeira xa naqueles primeiros anos na Universidade de Vigo). Grazas Chus.

Non son unha teórica. Máis ben son unha economista de laboratorio, preocupada por mellorar as técnicas de medición das desigualdades, en xeral, e das desigualdades por razón de xénero, en particular. A iso lévome dedicando estes últimos 25 anos, desenvolvendo ferramentas para cuantificar a desigualdade, a pobreza, o desemprego, a discriminación salarial e a segregación ocupacional. Sempre co convencemento de que, do mesmo xeito que o que non se nomea “non existe”, o que en Economía non se cuantifica é difícil que alcance relevancia política e social. Así, sendo importante coñecer a dimensión que alcanza a discriminación salarial entre mulleres e homes, aínda o é máis poder cuantificar os efectos que para as mulleres ten esa discriminación en termos de pobreza e perda benestar social. Hoxe sabemos que (antes da crise) os fogares monoparentais constituían un dos grupos demográficos que maiores taxas de pobreza soportaba: un 35% vivía con menos do 60% da renda mediana. Pero se isto é grave, aínda o é máis descubrir (como os nosos estudos permitiron sacar á luz) que case un 40% deses fogares podería saír da pobreza se as mulleres que os encabezaban fosen retribuídas como o eran os homes cos seus mesmas características. Isto é, se esas mulleres fosen retribuídas xustamente. Compañeiras e compañeiros na Universidade de Vigo, como Olga Alonso Villar, Carlos Gradín Lago e Olga Cantó Sánchez, son coautores destes traballos conxuntos, e para eles vai tamén o meu recoñecemento público á súa dedicación, na crenza de que o traballo que hoxe aquí estades a valorar con este premio non sería posible sen o impulso e o estímulo intelectual que me brindaron ao longo da miña carreira académica.

EPÍLOGO

Si, eu de maior quería ser feminista. E, sinceramente, creo que hoxe é o que aquí estamos a celebrar. Homenaxeemos, pois, a esas nenas que onte fomos, que hoxe son e que mañá serán. A todas esas rapazas que anhelan vivir nun mundo máis xusto, e que non se conforman con adoptar submisamente os roles de xénero que esta sociedade patriarcal tenlles reservados.

Si, definitivamente, eu de maior quero ser feminista

Moitas grazas!

Vigo, 11 de marzo de 2016